



O PEOR DIRECTOR XERAL DE XUSTIZA DA HISTORIA DA TRANSFERENCIA, MINTE MAIS QUE FALA E NEGA O CAOS ORGANIZATIVO NAS OFICINAS XUDICIAIS, LEVÁNDOSE POR DIANTE OS DEREITOS DOS TRABALLADORES E TRABALLADORAS.

Despois de botarlle a culpa a todo o mundo e despois de admitir só pequenas incidencias manipulando os datos que el só manexa, afirma que as cousas non poden ir tan mal como lle pintamos, xa que, segundo el, apenas houbo diminución da efectividade e a produtividade nestes cinco meses.

Nun acto de cinismo absoluto:

- **NEGOU** que a normativa que el redactou sen negociación, a elaboración unilateral das RPT ou a ínfima división das oficinas en áreas e en equipos, fosen a causa de problema algún.
- **NEGOU** que a retirada de ducias de reforzos, que fixo de xeito automático e indiscriminado, producise unha diminución significativa da produtividade.

Na súa desvergonza, para o Director Xeral “todo vai ben” (mesmo mellor do esperado):

- **Non ve necesario a ampliación da RPT, tampouco a modificación da estrutura das oficinas** e a creación de máis áreas ou de equipos estruturais.
- **Négase a especialización en partidos pequenos:** Non ve necesario a división dos partidos xudiciais de dous, tres e catro prazas de xuíces nunha área civil e outra penal, tal como pedimos os 5 sindicatos.
- **Formación cero:** Tampouco cre que sexa necesaria a formación dos compañeiros que cambia de xeito forzoso de materia ou de xurisdición ou leva asuntos de varias xurisdicións ou materias.
- **Reforzos case cero:** Aínda que asegura recuperar algúns reforzos non ve necesaria a recuperar a totalidade dos que había antes.
- **Teletraballo no esquecemento:** a normativa do teletraballo non é unha das súas prioridades, e aínda que se comprometeu en febreiro a mandar un borrador desa normativa para unha negociación, ao día de hoxe déixao todo no aire e sen data.

- **Tampouco vai facer nada para modular, temperar ou fiscalizar as decisións dos secretarios coordinadores, nin dos letrados directores** que en moitos casos vulneran a legalidade, empeoran as nosas condicións de traballo e afectan os nosos dereitos laborais, o mesmo que non se vai a mollar para que os sindicatos teñamos voz directa na elaboración dos protocolos e instrucións.

Ademais de cínico e desvergonzado, tramposo:

Di estar aberto a unha pequena ampliación das RPT, que só viría dada pola creación de 19 prazas de xuíces, pero sen especificar cantos funcionarios/as levarían aparelados. Máis aínda: deixou caer a posibilidade de desviar parte dese persoal a outras localidades, o que empeoraría aínda máis a carga de traballo onde se crean esas prazas de xuíces.

Máis mentiras, en febreiro nos dixo que a aplicación "Atenea" podería instalarse ao longo do mes de maio, agora **non chegará ata finais de ano.**

En resumo, **a DXX nin presenta propostas nin ofrece solucións.** Confía en que, co paso do tempo, as cousas se "normalicen" soas. **En definitiva, para o Director Xeral, os nosos problemas son ficticios.**

Ante o total desprezo á realidade que estades a sufrir todos os compañeiros e compañeiras, e ante a nula de vontade de negociar a solución dos problemas do Director Xeral, só nos queda profundar no conflito e entrar xa nunha fase de mobilizacións e de esixencias de responsabilidades.

Os cinco sindicatos que formamos a plataforma estamos listos, pero necesitamos de todo o colectivo para dobregar a vontade dunha administración instalada na autocompracencia.

Xa non hai máis que esperar, é a hora de levantarse antes este atropelo ou remataremos perdendo dereitos e empeorando nas condicións de traballo: QUE NINGUÉN CREA QUE ESTÁ A SALVO.

ASI VAI SER QUE NON!!!